



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2016/17 |
| Asignatura (*) | Bioética. lexislación e gestión en podoloxía | | Código | 750G02016 |
| Titulación | Grao en Podoloxía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Gil Manso, Pedro | Correo electrónico | pedro.gil.manso@udc.es | |
| Profesorado | Gil Manso, Pedro | Correo electrónico | pedro.gil.manso@udc.es | |
| Web | moodle.udc.es | | | |
| Descrición xeral | Esta materia proporciona coñecementos sobre os fundamentos da profesión podolóxica e as súas obrigacións deontolóxicas, así como a xestión clínica dos servizos de podoloxía. A materia versará sobre: as obrigacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normopraxis. Dereitos do paciente. Responsabilidade civil e sanitaria. Problemas éticos no exercicio da profesión. Instrumentos que axuden ao profesional en caso de problemas éticos. Marco profesional. Dereitos e obrigacións do profesional. Xestión clínica dos servizos de podoloxía. Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. Xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español. Autonomía do paciente. Manexo da documentación clínica: confidencialidade. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A13 | Coñecer os Fundamentos da Podoloxía. Ergonomía. Historia da profesión e marco conceptual. Concepto de profesión. Nomenclatura técnica empregada en ciencias da saúde. Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. |
| A14 | Actuar en base ó cumprimento das obrigacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normopraxis. Dereitos do paciente. Responsabilidade civil e sanitaria. Problemas éticos no exercicio da profesión. Instrumentos que axuden ó profesional no caso de problemas éticos. Marco profesional. Dereitos e obrigacións do profesional. |
| A53 | Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. |
| A61 | Coñecer o Sistema Sanitario Español e os aspectos básicos relacionados coa xestión dos servizos de saúde, fundamentalmente os que estean relacionados coa atención e rehabilitación podolóxica. |
| A64 | Identificar e integrar a práctica profesional desde o respecto á autonomía do paciente; describir os elementos propios do manexo da documentación clínica con especial atención ós aspectos de confidencialidade; identificar os criterios básicos de xestión clínica, economía da saúde e uso eficiente dos recursos. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B2 | Resolver problemas de forma efectiva. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo. |
| B8 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade. |
| B10 | Desenvolver a capacidade de liderado. |
| B12 | Capacidade de xestión da información. |
| B15 | Sensibilidade cara temas medioambientais. |
| B16 | Capacidade de organización e planificación do tempo e o traballo. |
| B18 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| B19 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B22 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |



| | |
|----|--|
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-------------------------------------|--------------------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer e actuar en base ao cumprimento das obrigacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normo praxes | A14 | B12 B15 B22 | C4 C8 |
| Coñecer os dereitos e a autonomía do paciente. Coñecer e aplicar os conceptos de responsabilidade civil e sanitaria. Coñecer o manexo da documentación clínica: confidencialidade. | A14 A64 | B6 B8 B18 B19 | C1 C4 |
| Coñecer o marco profesional así como os dereitos e obrigacións do profesional. | A14 | B2 B3 B6 B7 | C5 C7 |
| Conocer los problemas éticos en el ejercicio de la profesión y los instrumentos que ayuden al profesional en caso de problemas éticos. | A14 A64 | B1 B19 B22 | C4 C7 C8 |
| Adquirir a capacidade de xestión clínica dos servizos de Podoloxía. Coñecer a Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. Coñecer a xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español. | A13 A53 A61 A64 | B10 B12 B15 B16 | C3 C4 C6 |

| Contidos | |
|----------------------------|--|
| Temas | Subtemas |
| 1.- Introducción á ética | 1.1- Introducción. Noción xeral de Ética. 1.2- Conceptos: ética, moral, lexislación, deontoloxía. 1.3- Diferenzas entre Ética, Deontoloxía e Lexislación. 1.4- Diferentes perspectivas e tendencia da ética. |
| 2.- Bioética | 2.1. Introducción. Panorama histórico. 2.2. Concepto de bioética. 2.3. Principios bioéticas fundamentais. |
| 3.- A Ética das profesións | 3.1- Introducción. 3.2- Caracteres dunha actividade profesional. 3.3- Marco legal da profesión de podoloxía. 3.4- Código deontolóxico de Podoloxía. Obrigacións deontolóxicas do profesional de Podoloxía. 3.5- Problemas éticos no exercicio da profesión. 3.6- Instrumentos que axuden ao profesional en caso de problemas éticos. 3.7.- Criterios de normopraxes. |



| | |
|--|--|
| 4.- Dereitos e deberes do paciente | <p>4.1- Os dereitos e deberes dos usuarios na Lei Xeral de Sanidade.</p> <p>4.2- Os dereitos e deberes dos usuarios no Código Deontolóxico de Podoloxía.</p> <p>4.3- A Información e o consentimento informado.</p> <p>4.4- Lexislación reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.</p> <p>4.5- Historia clínica.</p> <p>4.6- Manexo da documentación clínica: confidencialidade.</p> |
| 5.- Dereitos e obrigacións do profesional. | <p>5.1- Marco profesional.</p> <p>5.2- Introducción ao concepto de responsabilidade profesional.</p> <p>5.3- Responsabilidade civil e sanitaria.</p> <p>5.4- A responsabilidade penal dos profesionais sanitarios.</p> <p>5.5- Concepto de imprudencia profesional.</p> <p>5.6- O segredo e a confidencialidade.</p> <p>5.7- Colexiación e asociacionismo profesional.</p> |
| 6.- Xestión en Podoloxía | <p>6.1- O sistema Sanitario Español.</p> <p>6.2- Procedementos para a creación e xestión dunha clínica podolóxica.</p> <p>6.3- Principios básicos da mercadotecnia.</p> <p>6.4- Xestión clínica dos servizos de podoloxía.</p> <p>6.5- Economía da saúde e uso eficiente dos recursos.</p> <p>6.6- Xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español.</p> |

| Planificación | | | | |
|---------------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A13 A14 A61 A64 | 14 | 14 | 28 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | C7 C8 | 7 | 3 | 10 |
| Estudo de casos | A53 A64 B1 B2 B3 B7 B8 B18 B19 B22 C4 C6 | 14 | 32 | 46 |
| Seminario | A13 A53 A64 | 3 | 6 | 9 |
| Traballos tutelados | B6 B10 B12 B15 B16 C1 C3 C5 | 4 | 26 | 30 |
| Proba de resposta múltiple | A13 A14 A61 A64 | 2 | 20 | 22 |
| Atención personalizada | | 5 | 0 | 5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Os contidos teóricos básicos da materia serán impartidos mediante lección maxistral, pero cun enfoque participativo por parte do estudante. Baseada na exposición oral complementada co uso de audiovisuais e introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Asistencia e participación a congresos e xornadas de orientación profesional, innovación e emprendimento (Laboralia, Xornadas Orientación Facultade, etc.) e elaboración dunha memoria-informe das mesmas. A asistencia e participación nestas actividades permitirán ao alumno profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia e proporcionar coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes ao ámbito de estudo. |



| | |
|----------------------------|--|
| Estudo de casos | <p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e comunicación.</p> <p>A metodoloxía utilizada nesta materia basearase na Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP). É un método didáctico que permite ao alumno adquirir coñecementos, habilidades e actitudes, para ser capaz de identificar, analizar e resolver problemas de saúde de maneira eficaz, eficiente e humana (Bridges, 1991; Branda, 1990)</p> <p>No ABP un grupo pequeno de alumnos reúnese, coa facilitación de titor, para analizar e resolver un problema (escenario) seleccionado ou deseñado especialmente para o logro de certos obxectivos de aprendizaxe.</p> <p>O estudante integrado, obrigatoriamente dentro dun grupo pequeno (5 alumnos), traballará conxuntamente na resolución das tarefas asignadas polo profesor para optimizar a súa aprendizaxe e o do resto dos membros do grupo. O desenvolvemento deste escenario farase durante as horas de seminario e en cada grupo nas horas de traballo autónomo.</p> <p>Os grupos comporanse o primeiro día de clase da materia. Os resultados dos escenarios entregaranse a través da plataforma Moodle co nome de arquivo: EscenarioX_GrupoXn°.PDF</p> |
| Seminario | Clase en grupo para o estudo intensivo da xestión podolóxica e o uso do software de xestión clínica COGECOP da que o alumno deberá de realizar unha memoria de uso e valoración do mesmo. |
| Traballos tutelados | <p>Traballo en grupo de 5 alumnos no que se fará un proxecto de creación dun centro sanitario en que se presten os servizos de podoloxía e no que se deberán de describir:</p> <ul style="list-style-type: none"> - os trámites legais e administrativos necesarios para a creación de clínica podolóxica. - procedementos para a creación e xestión dunha clínica podolóxica. - plan de negocio e mercadotecnia da clínica podolóxica. - localización e deseño da clínica podolóxica. <p>Este traballo deberase de entregar a través da plataforma Moodle. co nome: CS_podologiaGrupo.PDF</p> |
| Proba de resposta múltiple | <p>Exame con 30 preguntas tipo test cunha única resposta correcta.</p> <p>Devandito exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os materiais entregados a través da plataforma Moodle así como os escenarios do "Estudo de casos".</p> |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Estudo de casos Traballos tutelados | <p>La atención personalizada se desenvolverá de forma programada en los horarios de tutorías del profesor, para la atención presencial; y de forma virtual, por correo electrónico y el Campus Virtual (plataforma Moodle).</p> <p>La atención personalizada está destinada a resolver cualquier tema relacionado con las diferentes metodologías y/o contenidos de la materia.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------------------------|---------------------------|---|---------------|
| Proba de resposta múltiple | A13 A14 A61 A64 | <p>Exame con 30 preguntas tipo test cunha única resposta correcta cada 3 preguntas incorrectamente respondidas descontarán unha resposta correcta.</p> <p>Devandito exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os materiais entregados a través da plataforma Moodle así como os escenarios do "Estudo de casos".</p> | 55 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | C7 C8 | <p>Esta metodoloxía de aprendizaxe colaborativo, valorarase en función do número de copias dos diplomas da asistencia a xornadas/cursos sobre orientación profesional, innovación e emprendemento así como as conclusións do informe-memoria sobre as mesmas presentadas a través da plataforma moodle.</p> | 10 |



| | | | |
|---------------------|--|---|----|
| Estudo de casos | A53 A64 B1 B2 B3 B7 B8 B18 B19 B22 C4 C6 | O alumno presentará os escenarios traballados previamente en grupo dentro da aprendizaxe baseada en problemas a través do Campus Virtual (plataforma Moodle) da Universidade da Coruña (https://campusvirtual.udc.es/moodle/) dentro dos prazos marcados tras rexistrarse na devandita plataforma incluíndo unha foto do rostro. Criterios de cualificación Avaliarase a relevancia do traballo feito, a asistencia, a consecución dos obxectivos prioritarios e secundarios dos problemas expostos, as interaccións persoais do alumno na aula cos demais membros do grupo, a achega ao proceso de razoamento grupal, a integración de coñecementos teóricos básicos na aplicación práctica, o problema exposto e as conclusións establecidas, a reflexión xeral do aprendido no caso exposto, o pensamento crítico do grupo sobre o caso e a xustificación das intervencións e/ou respostas a través de bases documentais, normas e leis éticas e deontolóxicas actuais. | 15 |
| Sesión maxistral | A13 A14 A61 A64 | Valorarase a asistencia e a participación activa e produtiva ás clases e actividades na aula. | 5 |
| Traballos tutelados | B6 B10 B12 B15 B16 C1 C3 C5 | Para a realización deste proxecto de creación de centro sanitario en que se presten os servizos de podoloxía valoraranse especialmente a orixinalidade e concreción nunha localización real concreta o plan de negocio e a desagregación dos trámites. | 10 |
| Seminario | A13 A53 A64 | Valorarase a asistencia e participación no seminario, así como a elaboración dunha memoria de valoración de uso do software de xestión clínica COGECOP da que se valorará especialmente a creación de exemplos de datos e a valoración crítica do aplicativo incluíndo propostas de mellora. | 5 |
| Outros | | | |

Observacións avaliación

Aqueles alumnos que non desexen ou non poidan participar dos Eventos científicos e/ou divulgativos no seu lugar poderán presentar un traballo individual sobre algún dos temas ou contidos da materia (previamente acordado con responsable da materia), traballo que deberán de entregar antes da data do exame final, a través do Campus Virtual (plataforma Moodle).

Optarán á cualificación de Matrícula de Honra aqueles alumnos que obtendo unha cualificación global superior ao 90% e fose as mellores cualificacións desa oportunidade.

Para aqueles alumnos con matrícula a tempo parcial poderán optar a non realizar nin o estudo de casos nin os traballos tutelados e o 100% do a nota será a obtida na proba mixta.

Para aqueles alumnos con matrícula a tempo parcial poderán optar a non realizar nin o estudo de casos nin os traballos tutelados e o 100% do a nota será a obtida na proba mixta.

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e realicen os estudos de casos e traballos tutelados coa cualificación de apto, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só ao exame teórico final, tendo en conta que a cualificación do exame teórico fará media coas cualificacións dos seminarios, eventos científicos, os estudos de casos, traballos tutelados e clases maxistras do curso académico no que cursase os estudos de casos.

Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación: Para aqueles alumnos/as que solicitasen a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos e concédaselle poderán presentarse ao exame teórico final cuxa cualificación suporá o 100% da cualificación da materia.

A cualificación de non presentado: outorgarase a aqueles alumnos que non se presentan ao exame nin participan de ningún escenario.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Moreno de la Fuente, José Luis (2013). Podología : emprendimiento, ética, legislación y gestión. Madrid : BDS - Novel i Martí, Virginia; Fernández Herrera, Jesús M. Ramón Meseguer Planas (2009). Manual de Marketing para la consulta de podología. Nexus Médica - Noval Cinza Jose, et al (1997). Principios de bioética. A Coruña: Servicio de Publicaciones de la Universidad de A Coruña - Almenara P. (1995). Ética y Legislación en Enfermería. Barcelona: Masson - Arroyo P, Cortina A (1996). Ética y legislación en enfermería. Madrid: Interamericana - Arroyo MP, Serrano A (1988). Ética y Legislación en Enfermería. Madrid: Interamericana - Medina Castellano Carmen (2000). Ética y Legislación. Madrid: D.A.E Grupo Paradigma - Medina Castellano, Carmen (2000). Ética y Legislación. Madrid: D.A.E Grupo Paradigma - (). Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad. - (). Ley 25/1990, de 20 de diciembre, del medicamento. - (). Ley 41/2002 reguladora de la autonomía del paciente y derechos y obligaciones en materia de información y documentación clínica. - (). Código deontológico de Podología. - Medina Castellano Carmen (2000). Etica y legislación. Madrid: Paradigma - ARANGUREN, J.L., (1989). Ética. Madrid: Alianza Universidad - GOMEZ JARA, M (2007). La responsabilidad profesional sanitaria. Barcelona: Atelier Libros SA - GOMEZ JARA, M, NOVEL MARTÍ, V (2001). El ejercicio privado de las profesiones saniatrias: requisitos legales. Barcelona: Atelier Libros SA - Latorre, A (1985). Introducción al Derecho. Barcelona: Ariel |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Gil Calvo (2001). Nacidos para cambiar. Como construimos nuestras biografías.. Madrid: Taurus - Becerro R, et al (2002). Prescripción y receta podológica. El Peu. 22(1):8-17 - Marín Manuel (2003). Receta medica en podología. Revista Española de Podología: XIV (3):142-144 - (). WESLAW (Aranzadi). http://www.udc.es/biblioteca/galego/Bases.htm - (). NOTICIAS JURIDICAS. http://noticias.juridicas.com/ - (). DERECHO.COM. http://www.derecho.com/ - (). BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO. http://www.boe.es/diario_boe/ - (). DIARIO OFICIAL DE GALICIA. http://www.xunta.es/consulta-do-dog |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010
Podología xeral/750G02012

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticum 3/750G02035

Materias que continúan o temario

Traballo de fin de grao/750G02036

Observacións



SISTEMA DE EVALUACIÓN

METODOLOXÍAS

PONDERACIÓN

Traballo tutelado

Traballos tutelados: 10%

Eventos científicos e/ou divulgativos: 10%

20 %

Proba obxectiva

Proba de resposta múltiple: 55%

55 %

Aprendizaxe colaborativo



Sesión maxistral: 5%
Estudo de casos: 15%
Seminario: 5%

25%



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías